

ESCULCA

ASEMBLEA XERAL

O día 12 do pasado mes de Xullo reuniu-se en Compostela, en sesión ordinaria, a asemblea anual de Esculca. Depois de aprovar o informe do Presidente e o informe contábel a asemblea trazou as liñas estratéxicas da actividade do próximo ano. A seguir, a asemblea aprobou por unanimidade a incorporación de dous novos membros e a reestruturación interna da Xunta Directiva, que fica así formada polas seguintes persoas: Fernando Martínez Randulfe (Presidente), Guillermo Presa Suárez (Vice-Presidente), Elvira Souto Presedo (Secretaría), Vitor Vaqueiro Foxo (Tesoureiro), Celso X. López Pazos, Gustavo Garcia Fernández, X. Francisco López Pérez e Carlos Aymerich Cano (Vogais).

ESCULCA NO FESTIVAL 2004

Sob o título *A Globalización da tortura. De Guantánamo ao Iraque*, tivo lugar o pasado 25 de Xullo, no cadro do Festival 2004, unha mesa redonda en que participou, xunto con Encarna Otero e Francisco Carballo, o Presidente de Esculca, Fernando Martínez Randulfe.

Nas súas intervencións, que foron presentadas por Anxo Quintela (Director de *Vieiros*), os participantes descreveron os antecedentes da situación que se vive nestes momentos nas prisións que os USA teñen diseminadas no mundo, o impacto que a opinión pública mundial provocaron as denuncias da tortura que se practica nestes centros e a difusión mediática das imaxes que a documentan, a repercusión que sobre a nosa forma de vida ten esta práctica infame e as elaboracións teóricas que pretenden lexitimá-la, etc.

“A situación "bélica", excepcional, xustifica medidas excepcionais no propio bando amigo (no territorio do invasor e dos seus aliados) que a poboación parece disposta a aceptar ou comprender, xeralmente, polo medo provocado. Ora, estas medidas excepcionais sempre comportan restricións que afectan a dereitos e liberdades (intimidade, movemento, *habeas corpus*, discriminación por raza, etc.). Segundo estudos moi solventes menos da metade das medidas que se toman na UE poden ter incidencia previsíbel na evitación de actos terroristas. A maioría son unha forma de control sobre persoas a quen hai que presumir a inocencia ” afirmou o Presidente de Esculca.

ANÁLISES E RELATÓRIOS

O DIREITO PENAL DO INIMIGO

Nos últimos tempos existe certa controversia no ámbito da discusión penal en torno ao denominado Dereito Penal do Inimigo. As seguintes liñas pretenden contribuir ao esclarecemento dalgun dos aspectos que compoñen esta noción.

En primeiro lugar, é preciso examinar a urdume teórico-dogmática que se utiliza como cobertura do concepto de inimigo e da reacción do Poder. En segundo lugar, debemos analizar a opción ideolóxica que impulsa os creadores de tan ominosa teoría.

A urdume teórica

Atrás do dereito penal do inimigo está Günther Jakobs, penalista alemán que desde hai uns anos ven exercendo a función de profeta do poder e para quen os inimigos, os “inimigos visíbeis ou os inimigos disfarzados con pel de cordeiro que pululan na sociedade actual”, supoñen a maior das ameazas para a supervivencia da nosa sociedade.

Ora, quen son eses inimigos? Quen é o protagonista desta particular visión? É inimigo, afirma Jakobs, “quen ameaza os alicerces cognitivos¹ da norma pola súa falta de seguranza cognitiva”². Fórmula obscura que el mesmo esclarece.

Inimigo é aquel que decidiu (libremente ou non, iso parece irrelevante) facer a súa vida fora das marxes do Dereito, establecer de xeito duradeiro a súa identidade alén dos límites do sistema. Actitude inadmisíbel para Jakobs, que non cesa de repetir que a función do dereito penal non é a protección de bens xurídico-penais –como opina a doutrina absolutamente maioritaria– senon simplemente garantir a subsistencia e o funcionamento do sistema. Noción esta, a de sistema, tomada do funcionalismo de Luhmann, que ocupa unha posición chave na súa peculiar visión do fenómeno penal. É fronte ao horizonte sistémico³ que cobra sentido a curiosa urdume teórico-filosófica do penalista alemán.

O sistema jakobsiano

O sistema, en Jakobs como en Luhmann, é auto-referencial: observa-se a si mesmo, é cego a respecto de todo o que se sitúa fora da súa identidade, non reconece a existencia de nada alén da propia imaxe. É o propio sistema que insufla espírito vital e contido a todos os conceptos e fai-no desde a súa propia lóxica e con os seus propios materiais. Un enorme ente xerando a súa propia realidade, tal é o sistema jakobsiano.

Nun primeiro momento Jakobs define como inimigos os “terroristas”, os delincuentes sexuais, as organizacións delitivas de todo tipo e os traficantes de droga. Isto é, os que nós poderíamos denominar “autores de delitos graves”. Mais o problema non é terminolóxico. O problema está en que a lóxica jakobsiana do sistema é esmagadora: o sistema detecta –supon-se que de esguella pois, en boa lóxica sistémica, non podería

¹ A norma, segundo Jakobs, ten uns alicerces cognitivos, isto é, está baseada en determinadas relacións simbólicas entre a propia norma e os seus destinatarios

² Ou sexa os individuos que, por situaren-se fora das súas marxes, non son de fiar canto à súa fidelidade ao sistema.

³ No sentido de non haber nada alén do sistema, como nada hai –visíbel para nós– alén do horizonte.

facen tal cousa- que existen persoas que se moven fora das súas estreitas marxes. E como o sistema, afirma Jakobs facendo un auténtico exercicio de presdixitación teórica, é o que outorga a cada un o seu rol, o inimigo, ao estar fora do sistema, non desempeña ningún rol, é portanto non-persoa.

Jakobs di-o abertamente: non só o inimigo “non pode esperar ser tratado como persoa, senon que o Estado non debe trata-lo como tal”.

A afirmación de os seres humanos estaren vinculados entre si por meio do Dereito en tanto que persoas non é máis que unha “cómoda ilusión” pois “do mesmo modo que a vixencia da norma non pode manter-se de xeito completamente contrafáctico⁴, tampouco pode manter-se a personalidade”.

O sistema non pode portanto tolerar a existencia dos inimigos, debe reaccionar castigando estes suxeitos. Deve perseguir o inimigo con todos os medios ao seu alcance para non pór en perigo a súa supervivencia. E as súas armas, por suposto, son as do dereito penal (ou, doutra perspectiva, as da guerra: “legal”, “multilateral”, “preventiva” ou como se queira).

Consecuentemente, Jakobs sinala que as barreiras punitivas deben ampliar-se, que o paradigma do feito punível debe pasar do feito consumado ao feito por vir, etc. O dereito penal debe tentar por todos os medios “neutralizar o inimigo sen garantías penais de ningún tipo” porque ao seren non-persoas son tamén non-suxeitos de dereitos.

Este, expresado nunha mistura de cripticismo lingüístico e contínuos apelos à autoridade de filósofos como Kant, Hegel ou Hobbes, é o cerne da urdume teórica do chamado Dereito Penal do Inimigo.

A opción ideolóxica

O segundo estadio de reflexión, o ideolóxico, é claro: Jakobs di-nos que a situación que vivemos se debe ao pluralismo cultural da nosa sociedade e ao feito de termos perdido os grandes referentes: relixión, familia e nación. Para se manter coesionada, a sociedade debería xirar à volta de unha relixión estatal, un concepto de nación e un núcleo familiar.

Pasa-se así das máis altas cotas filosóficas ao máis prosaico mundo da moral reaccionaria onde non faltan diatribes contra a multiculturalidade, o que nos fai temer que, de aquí a pouco, o inmigrante pasará a engrosar as filas do “inimigo” (vexa-se senón a lexislación española máis recente). Lembre-se que o propio Jakobs afirma ir en aumento o número de inimigos e moitos deles se ocultaren atrás de peles de cordeiro. Inmigrantes, grupos antiglobalización, disidentes ideolóxicos... Prisioneiro da súa propia lóxica sistémica, Jakobs situa-se na crista da onda ideolóxica da ultra-direita.

Os tempos son obscuros, a ansia de protección do sistema alcanza tal nivel que ameaza a liberdade de todas as persoas. Todas, en calquer momento, poden ser detectadas polo

⁴ Todo aquilo que se opón a un feito dado. A vixencia da norma non pode manter-se, di Jakobs, dun xeito totalmente contrafáctico, quer dicir, non basta con a mera reacción fronte à súa violación, son precisas outro tipo de medidas.

sistema como perigosas, sobretudo se no momento supremo de proclamar a fidelidade ao sistema (outro elemento fundamental na teoría de Jakobs) non se mostran suficientemente entusiasmadas.

Neste sentido, cremos que a dogmática penal, absorta polo inegábel fascínio que produz o discurso pseudo-filosófico de Jakobs, non se mostra o suficientemente atenta. Pode que o Dereito Penal do Inimigo non sexa máis que unha provocación intelectual, mais a súa perfecta comunión con as características da lexislación penal dos estados occidentais actuais parece máis do que unha mera coincidencia.

A GUANTÁNAMO BRITÁNICA

Desde o mes de Decembro de 2001, foron detidas en Gran-Bretaña 16 persoas ao amparo da Lei Anti-terrorista (Anti-Terrorism, Crime and Security Act) aprobada inmediatamente a seguir os atentados do 11 de Setembro en New York. Destes 16 detidos, 12 continúan aínda en prisión, sen cargos, nos cárceres de Belmarsh e Woodhill e no hospital de alta seguranza de Broadmoor.

Esta lei excepcional, aprobada en tempo record despois de o goberno británico declarar que o Reino Unido tiña de facer fronte a “un estado de emerxencia que ameaza a vida do estado”, permite manter en prisión durante un período de tempo indefinido calquer persoa estranxeira que o Ministerio de Interior considere “razoavelmente sospeitosa” de actividades terroristas e non poda ser deportada ao país de orixe (por correr o risco de ser torturada, por exemplo). Para aprová-la, o goberno británico tivo de derrogar a aplicación do Artigo 5 da *Convención Europea de Dereitos Humanos*, que garante o dereito à liberdade.

Os recursos contra as detencións que se practican ao amparo desta lei son vistos pola SIAC (Special Immigration Appeals Commission), que examina a porta fechada as probas presuntamente inculpatórias. Entre estas probas podería figurar “información” obtida mediante tortura ou sob o efecto das terríveis condicións de cárceres como o de Abu Ghraib, Camp Delta, a base aérea de Bagram ou calquer outro centro de detención onde sobreviven os prisioneiros dos USA e os seus aliados. Os detidos e a defensa non teñen acceso a estas probas.

No mes de Febreiro de 2002 o Comité Europeo para a Prevención da Tortura despois de visitar o centro penitenciario de Belmarsh fixo público un relatório onde se afirma que “a situación de indefensión perante as graves acusacións que pesan sobre eles e o carácter indefinido da detención, así como as penosas condicións do cárcere, causan grande sufrimento aos detidos.”

En Decembro de 2003, o Comité de Revisión do Privy Councillor (Consello con acceso a informacións secretas), presidido por Lord Newton, instou o Parlamento a derrogar urxentemente o Apartado IV desta lei. Solicitude respaldada por un informe de Amnistía Internacional publicado onde esta organización mostra a súa alarma polo feito de o SIAC resolver baseando-se en probas secretas e en probas que puideron ter sido obtidas mediante tortura”. Apesar disto, o parlamento votou a favor da non derogación.

No mes de Marzo deste ano o SIAC, contrariando os desexos do Ministro de Interior, puxo en liberdade un dos detidos. “M”, como é coñecido por razóns legais, denunciou a situación en que se encontran os seus compañeiros: “Tres ou catro tolearon. Falan como loucos. Todo por culpa desta lei”. Denuncia confirmada polo estado en que saíu pouco despois outro prisioneiro, que foi posto en rexime de arresto domiciliario por a detención indefinida ter agravado seriamente o seu padecimento mental.

Dez destes presos recorreron a súa detención alegando as probas inculpatórias teren sido obtidas baixo tortura en Guantánamo, Abu Ghraib, Bagram ou outros centros de detención. O día 12 de Agosto o Tribunal de Apelacións de Londres, con o voto en contra do Xuíz Lord Neuberger, desestimou estes recursos, alegando que aceptar esas probas non viola nengunha norma legal na medida en que esa suposta tortura tería sido practicada por funcionarios estranxeiros, sen participación nen convivencia do Ministerio de Interior británico.

“Resulta chocante ver dous xuíces de un dos mais altos tribunais británicos desprezaren as convencións internacionais. A eficacia da lexislación internacional depende do respecto dos estados membros. Nengun dos outros 44 estados que ratificaron a Convención Europea de Dereitos Humanos introduciu na súa lexislación a detención sen cargos nen xuízo, non digamos a aceptación de probas obtidas baixo tortura” (*The Guardian*, 13.08-04).

O avance da islamofobia

Numerosas organizacións británicas denuncian o aumento inxustificado do número de identificacións, detencións e rexistos domiciliarios de que son obxecto as persoas de raza negra (un 229%), orixe asiática (un 285%) e relixión musulmana desde que entrou en vigor a ATCSA.

As cifras oficiais mostran que entre o 112 de Setembro de 2001 e finais de Marzo deste ano foron detidas, en aplicación desta lei, 562 persoas. Destas foron imputadas por delito de terrorismo 97 e condenadas apenas 14. Mais da metade destas 14 eran persoas de raza branca pertencentes a grupos unionistas de extrema dereita. (Fontes: *Liberty*, *Statewatch*, *ARRC*, *The Guardian*).

Quen quixer aderir à campaña contra a criminalización de comunidades (*Campaign Against Criminalising Communities*), pode facé-lo en: www.cacc.org.uk.

A ILEGALIZACIÓN DO PST. UNHA MEDIDA DESPROPORCIONADA

Hai agora un ano, a propósito da entón recente ilegalización de Batasuna por parte do poder xudicial español, comentávamos o dereito a crear partidos políticos e a estes desenvolveren a súa actividade sen inxerencias dos poderes públicos. Comentávamos tamén o papel necesario e básico que desempeñan os partidos nunha sociedade democrática e dávamos conta das garantías que fronte a posíveis inxerencias do poder público reporta o Convénio Europeo de Dereitos Humanos (CEDH, o Convénio). Todo

isto, valendo-nos da práctica do Tribunal Europeo para os Dereitos Humanos (TEDH), que é a última instancia en que as garantías poden facer-se efectivas⁵.

Apontávamos tamén a conveniencia de permanecer atentos ás posibles decisións posteriores do Tribunal no caso de se produciren novas sentenzas sobre ilegalizacións de partidos políticos. A conveniencia da nosa atención resulta, agora mesmo, xustificada por dúas razóns. A primeira, pola expectativa da futura resolución do caso de Batasuna, que toca ben de perto à situación individualizada do estado español. A segunda, pola circunstancia internacional pois todos somos sabedores da incidencia que o terrorismo está tendo na degradación de certos dereitos e liberdades públicas até agora considerados como definitivamente adquiridos, inderrogábeis ou intocábeis. Cumpre portanto atender a influencia que o terrorismo poda ter nas decisións do TEDH no que toca ao dereito à constituición e actuación dos partidos políticos na nosa democracia, dereito amparado nos artigos do Convénio num. 11 (liberdade de asociación) e 10 (liberdade de expresión).

Pois ben, con posterioridade à publicación do noso relatório (Setembro de 2003), o TEDH ditou unha sentenza (12 de Novembro de 2003) sobre o caso da ilegalización do Partido Socialista de Turquía (STP), de que pasamos a dar conta.

Os feitos

O STP constitui-se en Novembro de 1992. Case de inmediato (Febreiro de 1993), o Fiscal Xeral da República Turca solicitou a súa ilegalización, sen mediar tempo, como é óbvio, para que o partido puidese actuar. A petición do Fiscal somente podería basear-se portanto no contido do programa do partido, non na súa praxis.

E, con efecto, así foi. Entendia o Fiscal que o programa do partido, polo seu contido e obxectivos, atentava contra a integridade territorial e a unidade da nación turca. Actuando con louvável presteza, en Novembro dese mesmo ano o Tribunal Constitucional de Turquía decidiu disolver o STP. Disolución que levava aparellada, consoante o dereito interno turco, a prohibición aos seus dirixentes de exercerem calquer outra responsabilidade política.

O fallo do Tribunal Constitucional Turco

Naturalmente, o Tribunal turco tiña que ter en conta o dereito interno (Constituición e Lei de Partidos) así como o Convénio Europeo (Art.11), e tiña de avaliar se o programa do STP se acomodava a esa normativa⁶.

Así, na súa sentenza, o Tribunal Constitucional recorda os grandes principios da Constituición turca. Entre eles, que as persoas que viven no territorio turco, sexa cal for a orixe étnica, forman parte de unha unidade común através da cultura turca. O conxunto destas persoas denomina-se “nación turca”. Os grupos étnicos que constitúen a “nación” non se dividen en maiorías ou minorías. Todos os cidadáns poden gozar sen

⁵ *Vide Esculca* nº 2, pp. 9-12.

⁶ Ao final deste traballo incluímos un breve resumo do dereito turco relacionado con esta materia cuxo coñecemento parece oportuno no momento en que o estado de Turquía aspira a integrar-se na UE mediante un proceso de negociación xa próximo.

distinción de todos os dereitos civís, políticos e económicos. Os cidadáns kurdos gozan dos mesmos dereitos que o resto dos turcos. Daí non resulta que a identidade kurda sexa negada pola Constitución: non se impede os kurdos de expresaren a identidade kurda nen de utilizaren a súa lingua en todos os lugares privados (traballo, prensa, literatura). Simplemente, non se considera que a lingua ou a orixe étnica sexan elementos suficientes para conceder-lles condición de minoría.

Canto ao contido do programa do STP, o Tribunal entende que nel se supón a existencia en Turquía dun pobo kurdo diferenciado, que se reclama o dereito dese pobo à autodeterminación e que se apoia o dereito a levar a cabo unha “guerra de independencia”. Sinala tamén que a actitude adoptada polo STP é comparábel à dos grupos terroristas e constitui en si mesma unha provocación ilícita à violencia.

Para que estas afirmacións podan ser devidamente valoradas, transcrevemos a seguir os parágrafos do programa do STP que levaron o Tribunal turco a tirar estas conclusións, parágrafos que reproduce a propia sentenza do Tribunal Europeo:

“*Movimento de liberación nacional*. Actualmente, unha das dinámicas máis importantes no mundo é o movemento nacional kurdo. A insistencia e magnitude deste movemento levaron-no a ocupar un lugar relevante entre os movementos de liberación nacional: da prosecución desta liuta depende a creación de novas dinámicas.”

“*Oriente Medio*. Turquía encontra-se nunha encrucillada de dinámicas que provocan desequilibrio e inestabilidade. A liuta nacional de extrema esquerda deriva do movemento kurdo.”

“O pobo kurdo poderá preservar e desenvolver a súa lingua e cultura.”

“O dereito dos povos à autodeterminación, incluído o de secesión, estará garantido polas Leis e polos instrumentos sociais.” “Chamamento às forzas socialistas e revolucionarias para asegurar o dereito à autodeterminación.”

“Os medios de propaganda serán utilizados, no proceso de liberación socialista, para asegurar a co-existencia dos povos turco e kurdo.”

Decisión do TEDH

O tribunal europeo, tendo en conta os mesmos feitos (programa do partido) e o mesmo dereito (dereito turco e Convénio), por decisión unánime dos seus membros, chegou no entanto a unha conclusión ben diferente: “Unha medida tan radical como a disolución inmediata e definitiva do STP, decretada antes mesmo das súas primeiras actividades, e completada con unha prohibición aos seus dirixentes de exercerem calquer outra responsabilidade política, resulta desproporcionada en relación con o fin pretendido e, por esa razón, non necesaria nunha sociedade democrática; houvo, en consecuencia, violación do artigo 11 do Convénio”.

Cánone ou filtro do Tribunal

Como se pode observar, a Corte aplica o chamado principio de proporcionalidade, o que procede sempre que o caso submetido à súa xurisdición presente unha colisión entre

dous dereitos contrapostos garantidos polo Convénio, como aquí acontece (liberdade de asociación *versus* seguranza nacional).

Este principio pode formular-se así: a inxeréncia do Estado non vulnera o dereito do Convénio sempre e cando concorran, acumuladas, as seguintes circunstancias: a) que a inxeréncia veña prevista pola Lei; b) que se adopte para salvar fins, valores ou obxectivos protexidos ou previstos polo Convénio; c) que a medida resulte “necesária” para conseguir o obxectivo pretendido e legalmente protexido.

No caso da ilegalización do STP, as partes e o Tribunal estaban de acordo en que a ilegalización é unha inxeréncia do Estado no exercicio do dereito de liberdade de asociación e que a ilegalización dun partido está prevista na lei turca. Tamén acepta o Tribunal que a medida perseguía cando menos un dos fins lexítimos previstos no art. 11.2 do Convénio, en concreto, a protección da seguranza nacional.

Ora ben, non admite o Tribunal que a inxeréncia (ilegalización do partido) resulte proporcionada (necesaria) nunha sociedade democrática para o obxectivo pretendido (seguranza nacional).

Criterios da avaliación do Tribunal

1. Cando hai que analizar se a inxeréncia resulta necesaria nunha sociedade democrática, o adxectivo “necesaria” designa “unha necesidade social imperiosa”. Tendo en conta o papel esencial dos partidos no bon funcionamento da democracia, as excepcións contempladas no Convénio (seguranza nacional, defensa da orde e prevención do delito, etc.) requiren unha interpretación estrita. Só razóns convincentes e imperativas poden xustificar restricións à liberdade de asociación.

2. Ademais do seu papel autónomo e da especificidade da súa esfera, o artigo 11 debe contemplar-se tamén ao amparo do artigo 10 (liberdade de expresión). A protección das opinións e a liberdade de expresá-las constitui un dos obxectivos da liberdade de reunión e de asociación, mormente no caso dos partidos políticos, tendo en conta o seu importante papel para o mantemento do pluralismo e do bon funcionamento da democracia.

3. Sen pluralismo non hai democracia. Con o cal a liberdade de expresión é válida non só para as informacións ou ideas admitidas favorablemente ou consideradas inofensivas ou indiferentes, senón tamén “para aquelas que se enfrentan, ofenden ou inquietan”. “Xa ten dito o Tribunal que un partido político pode facer campaña a favor de unha mudanza da lexislación ou das estruturas legais ou constitucionais do estado, sob dúas condicións: i) que os medios utilizados a este efecto sexan de todos os puntos de vista legais e democráticos; ii) que a mudanza proposta sexa compatíbel con os principios democráticos fundamentais.” Daí decorre que un partido cuxos responsáveis inciten a recorrer à violéncia ou propoñan un proxecto político que non respeite algunha das regras de democracia ou advogue pola destrución desta, así como polo desprezo dos dereitos e liberdade que reconece, non poderá beneficiar da protección do Convénio contra sancións impostas por estes motivos.

Avaliación, en concreto

1. “O Tribunal” –di a sentenza- “non ve nada, na súa análise do programa do STP que poda considerarse un chamamento à violencia, ao levantamento ou a outra forma de rechazo dos principios democráticos, elemento esencial a ter en conta”. E continua: “En opinión do Tribunal, unha das principais características da democracia reside na posibilidade que ofrece de resolver, mediante o diálogo e sen recurso à violencia, os problemas dun país cando estes perturban. A democracia nutre-se da liberdade de expresión. Deste punto de vista, unha formación política non pode ver-se castigada polo único feito de querer debater publicamente a sorte dunha parte da poboación dun Estado e implicarse na vida política deste para encontrar, dentro do respecto às regras democráticas, solucións que podan satisfacer todas as partes implicadas.”
2. “Certamente” -acrescenta o Tribunal- “non pode descartarse que o programa político dun partido esconda obxectivos e intencións diferentes dos que apregoa publicamente. Para ter a certeza disto, é preciso comparar o contido do programa con os actos e tomadas de posición dos seus titulares. Ora ben, neste caso, o programa do STP non puido ser desmentido por accións concretas xa que foi disolvido desde a súa fundación, sen teren tempo os seus titulares de levar a cabo esas accións. Foi castigado por un comportamento que entra dentro, unicamente, do exercicio da liberdade de expresión”.
3. E, por último, un derradeiro e importante apuntamento da sentenza: “O Tribunal está disposto tamén a ter en conta as circunstancias que rodean o caso que se submeta ao seu exame, en particular as dificultades unidas à luta anti-terrorista. No entanto, neste caso non ve elementos que lle permitan concluir, perante a ausencia de actividade do STP, calquer responsabilidade por parte deste no tocante aos problemas que levanta o terrorismo en Turquía.”.

Así as cousas, é xustamente este último aspecto que matén en suspenso a nosa atención de cara ao futuro.

Nota. Artigos fundamentais da Constitución da República de Turquía tidos en conta no caso.

Art. 2. A República turca é un estado de dereito democrático, laico e social, respetoso con os dereitos humanos nun espírito de paz social, de solidariedade nacional e de xustiza (...).

Art. 3.1. O Estado de Turquía é, con o seu territorio e a súa nación, unha entidade indivisible. A súa lingua oficial é a turca.

Art. 14. Nengun dos dereitos e liberdades mencionados na Constitución poderá ser exercido con a finalidade de atentar contra a integridade territorial do Estado e a unidade da nación, de pór en perigo a existencia do Estado Turco e da República, de suprimir dereitos e liberdades fundamentais (...) ou de asegurar a hexemonía dunha clase social sobre as outras, ou establecer unha discriminación baseada na lingua, na raza, na relixión (...).

Art. 68. Os cidadáns teñen o dereito de fundar partidos políticos e, conforme ao procedemento previsto, afiliarse e darse de baixa deles (...). Os partidos

políticos son elementos indispensábeis na vida política democrática. Fundan-se sen autorización prévia e exercen as súas actividades dentro do respecto à Constitución e às Leis (...). Os estatutos, o regulamento e as actividades dos partidos non poderán ser contrários à independencia do Estado, à súa integridade territorial e à da súa nación, aos dereitos humanos, aos principios de igualdade e de proeminencia do dereito, à soberanía nacional, ou aos principios da República democrática e laica (...) ou [favorábeis a] calquer forma de ditadura (...).

Art. 69. Os partidos políticos (...) non poden substraír-se às restricións previstas no Art.14 da Constitución; os que as infrinxiren serán definitivamente disolvidos (...). As decisións e funcionamento interno dos partidos non poderán ser contrários aos principios da democracia (...). O Tribunal Constitucional resolverá sobre a disolución dos partidos a petición do Fiscal Xeral (...). Os fundadores e dirixentes de todos os niveis dos partidos políticos definitivamente disoltos non poderán ser fundadores, dirixentes ou responsábeis financeiros dun novo partido, e non poderán fundar-se partidos políticos cuxa maioría de membros estiver constituída polos membros dun partido político disolto.

A CRTVG, CONTRA SI MESMA

“Non deixan de chegar mostras de pesadelo à nosa redacción”. O presentador do Telexornal da TVG comezava deste xeito a noticia da morte de Tareixa R. Castelao. Esas *mostras de pesadelo* son as que configuran a historia dos medios públicos de comunicación en Galiza, unha sinuosa e declinante liña de case vinte anos que vai desde a posibilidade esperanzadora da creación dun modelo propio à constatación do fracaso social e comunicativo dun deseño que sobrevive por inercias alleas ao espírito polo que foi concebido.

No limiar do seu libro *Sobre a televisión*, Pierre Bourdieu afirma que a historia da TV é o relato de como un medio fundamental para a democracia directa deriva nun instrumento de opresión simbólica. Neste cadro xenérico pode encaixar-se tamén o devalar esmorecente da CRTVG, criada como factor dinamizador da normalización social, política, cultural e linguística do país e convertida na actualidade, cumpre dicé-lo, nun dos principais elementos de desvertebración social, narcotización política, anemia cultural e desleixo linguístico.

Até agora utilizamos pincéis grosos para debuxar unha paisaxe complexa. Mais tamén é certo que existe neste momento un consenso xeneralizado sobre a necesidade de reformar o modelo dos medios públicos en Galiza. Reformá-lo ou mudá-lo de vez. Mesmo desde o Partido Popular, o principal beneficiado e promotor da parasitación política da CRTVG, e desde a propia dirección da compañía, escuitan-se voces que concordan con a necesidade de introducir mudanzas nese modelo esgotado. Durante os meses de Xuño e Xullo deste ano, o Colexio Profesional de Xornalistgas de Galiza tomou a iniciativa de dialogar por separado con os grupos das tres formacións políticas do parlamento galego para tratar de crear unha comisión na cámara autonómica que estudase e elaborase unha proposta consensuada de reforma dos medios públicos. Algo que o Colexio considera fundamental no momento en que o goberno español decidiu formar un “comité de sábios” con o mesmo obxectivo e con a intención de iniciar as reformas legislativas necesarias o vindeiro ano. Por diversas, mais elocuentes razóns

(que están recollidas na páxina web da CPXG, www.xornalistas.com), esta iniciativa non callou. O Colexio de Xornalistas anunciou que elaborará para primeiros de 2005 a súa propia proposta de modelo, en debate aberto con a sociedade, os políticos e os profesionais, para os medios de comunicación públicos en Galiza.

Direito à información e calidade democrática

Non se trata só dun novo modelo de xestión. O éxito duns medios de comunicación públicos non se mede só pola conta de resultados, nen sequer polos índices de audiencia. Fala-se en primeiro lugar de calidade democrática. No proceso mundial de concentración da propiedade dos medios de comunicación en grandes e cada vez menos grupos transnacionais vencellados aos intereses do capitalismo globalizado, os medios públicos, nos países en que están tradicionalmente asentados (Reino Unido, Alemaña), son os únicos que funcionan como contrapeso de información veraz e plural fronte à maré uniformizadora. A democracia muda en pura formalidade ou deriva en autoritarismo larvado se os cidadáns non teñen acceso a este tipo de información contrastada, próxima, rigorosa. Os medios públicos-non-governamentais deben ser os garantes do exercicio do dereito à información de todos os cidadáns. Para iso os pagan. Por iso poden esixir que estexan ao seu servizo; como cidadáns conscientes que precisan estar informados para poderen participar responsavelmente nos asuntos públicos.

CRTV: Eloxio da insignificáncia

A evolución da CRTVG nestes case vinte anos, mais sobretudo desde o ano 1990, no que Fraga Iribarne ocupa a Presidencia da Xunta, non se pode entender sen analizar o seu papel dentro do sistema dos medios de comunicación, públicos e privados, do país. Unha situación caracterizada, entre outros, por tres factores determinantes: a rixidez do sistema (case non se produciron mudanzas significativas nos últimos quince anos, agás o aparecemento de novos medios en internet), a dependencia nalguns casos abrumadora de subsídios directos ou encobertos por parte da Xunta e o monopólio de feito da creación de opinión por parte dun só medio de comunicación escrito: La Voz de Galicia (e, en menor medida, do Faro de Vigo).

A CRTVG ten un rol sobranceiro no mantemento deste *status quo* empresarial e informativo. Concretizava-o así recentemente Xosé Manuel Vega, decano do CPXG: “Neste momento, o problema xa sobarda a censura e a manipulación. A TVG, por exemplo, está-se consolidando como a clave de bóveda, as nervaduras e a argamasa da gran cúpula mediática baixo a que se parapeta o poder político autonómico. Esta función fai-se desde o papel de repartidor de fondos públicos aos medios privados; ben sexa entre produtoras, servizos ou outro tipo de convénios. Isto produce un discurso uniforme por parte de todos os medios que se reforzan mutuamente. O resultado é que o poder mediático, político, económico e social está nas mesmas mans, o que na práctica impede o xogo dos contrapesos da democracia, dunha democracia de calidade”.

Desde que no número do mes de Xuño de 1996 a revista *Tempos Novos* denunciara o reparto de cartos públicos às maiores empresas de comunicación galegas através, sobretudo, dos subsídios da Dirección Xeral de Política Linguística (!), non temos noticia de que a situación mellorase ou se volvese mais transparente. Os contratos da TVG con as produtoras que son propiedade dos grupos mediáticos que operan en

Galiza conseguen, por outra parte, que os propios medios non só silencien calquera crítica a respecto da TVG senon que actúen como mantedores e defensores do modelo

O prezo que debe pagar a TVG con respecto aos medios é a súa insignificancia. Despois de case vinte anos, insistimos, a Rádio e a Televisión de Galiza non foron quen de impor-se fronte aos outros medios e presentar-se ante a sociedade como criadoras de opinión, como medio de referencia ou simplemente como espazo para o debate público. Deste punto de vista, a TVG é practicamente inexistente. De feito, semella que a TVG vivese nun estado de permanente provisionalidade, como se os directivos estivesen esperando a que en calquera momento o Consello de Administración lles dixese: “para facer isto, o mello é fechar”. Ou do que se trata, quizá, é de manter a compañía nun estado, tamén paradoxalmente permanente, de susceptível privatización.

Hai outra razón: o peor que pode pasar a un programa da TVG é que teña éxito. Sobre todo se ese programa consegue crear un imaxinario propio (Mareas Vivas, por exemplo), vai dirixido á infancia ou á mocidade (Xabarín Club, Chamo, etc.) ou, en definitiva, a súa emisión suscita a creación dunha maior conciencia da identidade nacional ou asocia o emprego da lingua galega con sectores, valores ou colectivos que non sexan o rural, o folclórico ou o estritamente tradicional. Os tres “efes” da TVG (Fraga, Festas e Fútbol), son o soporte e o cerne dunha programación que se identifica plenamente con o discurso oficial da Xunta, en termos simbólicos, e que actúa, na práctica, contra a súa mesma razón de ser: a normalización política, cultural e lingüística de Galiza. Despois desta xa longa historia non se pode falar de incapacidade para lograr estes obxectivos. Trátase, en definitiva, da aplicación consciente e sistemática dunha serie de criterios de programación destinados precisamente a iso: impedir que medre a conciencia de país, evitar interferir nos procesos históricos que poden levar a lingua á súa desaparición efectiva e ofrecer unha imaxe dos propios galegos e galegas que a maioría deles non só non asume, senon que rexeita como un retrato deforme e noxento de si mesmo.

Tampouco se pode esgrimir que non se dispón de medios técnicos, infraestrutura ou que se carece de profesionais formados e competentes. Havé-los, hai-nos. O que xa non hai son ilusión e ideas e o que sobra é unha inercia esmagadora e uns vicios enquistados provocados, entre outros, por tres factores: a dependencia, de novo, a respecto do poder (que fai pasar todas as decisións, até as mais cativas, polo filtro de comisarios políticos alleos a criterios profesionais e de servizo público), a ausencia de renovación na equipa directiva e nos postos intermedios (a maioría dos cargos leva máis de oito anos ocupando o mesmo gabinete), e unha xestión dos recursos humanos que favorece a precariedade e fomenta a desmotivación profesional.

As chaves da mudanza

Unha proposta para a reforma dos medios públicos en Galiza debe partir, en primeiro lugar, dun consenso entre todas as forzas políticas. Os políticos deben deixar de considerar a CRTVG como parte do botín que está en xogo nos procesos electorais e pó-la ao servizo da sociedade. Os medios públicos non poden estar continuamente abaneados polo vento do partido que ocupe o poder na Xunta, no caso de que algun día se produza a mudanza. A principal transformación é que os medios governamentais teñen que ser verdadeiramente públicos e que o responsable último deses medios teña que render conta da súa xestión perante a propia sociedade e non, como até agora, perante o

presidente o presidente da Xunta ou do partido no poder. A reforma deve, portanto, incluír un apartado básico que faga referencia ao procedemento de elección do Director Xeral da CRTVG. Hai xa catro anos un grupo de traballadores da TVG presentaron unha Iniciativa Lexislativa Popular neste sentido avalada por máis de 17.000 asinaturas. Pedia-se que o Director Xeral da CRTVG fose elixido por unha maioría cualificada do Parlamento e non directamente polo presidente da Xunta. A iniciativa foi rexeitada polos votos en contra do Partido Popular.

Outro dos aspectos que debe contemplar a reforma é a creación dun Consello de Comunicación de Galiza que teña como principal finalidade garantir o dereito à información dos cidadáns. Este organismo estaría formado por representantes políticos, mais tamén por unha ampla e plural representación dos sectores sociais, económicos e culturais da sociedade galega. A súa misión sería analizar e supervisar o labor dos medios públicos e privados do país, emitir informes e, chegado o caso, denunciar e sancionar as violacións ao dereito à información que pudesen producir-se.

Hai evidentemente moitos outros aspectos que debería recoller esta reforma: desde os retos tecnolóxicos até o problema do financiamento dos medios públicos. Mais tanto unha como outra cuestión dependen dunha pregunta prévia: estamos dispostos a dotarnos duns medios públicos propios para Galiza? Converter a rádio e a televisión públicas en medios de referencia para a sociedade, que os cidadáns se sintan identificados con a imaxe que dan de si mesmos os medios propios, que sirvan como catalizadores das súas aspiracións máis fondas e non peten contra elas, que respeten a diferenza e a discrepancia, que dignifiquen o traballo dos profesionais... non vai ser tarefa doada. O deseño actual da CRTVG e a súa programación non xustifican a súa existencia como servizo público. Mais isto é así, insistimos, non por incompetencia nen por abandono, senón a causa dunha decisión política consciente. O actual goberno da Xunta non quer unha TVG que sirva como factor de dinamización social e lingüística, de espello da heteroxeneidade social, de medio de comunicación veraz e plural... O que se lle pede é precisamente que vaia contra si propia, contra os mesmos principios polos que foi criada, contra a súa razón de ser. Rachar esta dinámica perversa é o primeiro paso de calquer reforma que se pretenda realizar no modelo dos medios públicos galegos.

NOVA OFENSIVA

Na cimeira da Unión Europea do pasado 25 de Marzo, os gobernos do Reino Unido, Franza, Irlanda e Suecia presentaron unha proposta de Decisión Cadro da UE que pode permitir o control e arquivo de todas as nosas comunicacións por un período de entre 1 e 3 anos, maior se así o decidiren os estados membros. Este proposta, como moitas outras presentadas na secuencia dos atentados do 11 de Marzo, non se limita a combater o terrorismo senón que se aplica à “prevención, investigación, detección e persecución do crime e do delito criminal, incluído o terrorismo”.

A medida satisfai o desexo das forzas policiais que levan tempo demandando a retención e o control de todas as comunicacións.

Cada vez pior

O novo proxecto de Decisión Cadro resulta, no que à salvaguarda da intimidade e liberdades públicas di respeito, peor que o anterior pois, afora a inclusión de unha referencia a “regras de corrección e revisión xudicial” (sen valor práctico algun), conservan-se todas as deficiencias daquel e eliminan-se dúas garantías importantes (as que puñan límite ao acceso e à posterior utilización dos datos):

- o período de almacenamento pasa de 12-24 a 12-36 meses (susceptível de ser prolongado se así o decidiren os estados membros);
- a información que se há de recoller (antes unicamente o tráfico) incluí agora a localización das mensaxes;
- o obxectivo amplíase de 36 delitos específicos a “calquer delito”, e
- se antes o propósito era contribuir à “investigacións e acusacións específicas” agora é a “prevención e detección” do crime en xeral.

Unha proposta inxustificada, cara e ilegal

A proposta orixinal de Bélxica (2002) provocou no seu día a reacción irada de moitas asociacións de defensa das liberdades públicas. Unha coalición destes grupos instou o Parlamento Europeo a opor-se ao proxecto a fin de “preservar os valores fundamentais que as sociedades democráticas deben defender: o dereito à intimidade, a liberdade de expresión e a presunción de inocencia”. O Comisariado para a Protección de Datos describiu-na como “unha conculcación abusiva de dereitos fundamentais garantidos polo Art.8 da Convención Europea de Dereitos Humanos”, e Privacy International calificou-na de ilegal..

Por outra parte, unha medida desta envergadura representa un custo enorme para as compañías de telecomunicacións e a industria electrónica. A agrupación que reúne, entre outras asociacións profesionais, a Cámara Internacional de Comercio, a Unión de Confederacións Europeas de Empresarios, Información Europea e o Grupo Internacional de Usuarios de Telecomunicacións, declarou o pasado ano que “a retención de datos é unha medida importuna que non se debe tomar até se teren experimentado outras alternativas menos intrusivas”.

Antecedentes

As demandas dos corpos policiais deran xa como resultado unha primeira emenda da Directiva 97/66/CE, que autorizava a retención de datos relativos ao tráfico de comunicacións electrónicas unicamente a efectos de facturación (i.e. en beneficio dos usuarios) e regulava o acceso dos corpos policiais aos datos de unha determinada persoa ou grupo mediante a correspondente orde xudicial.

Apesar da significativa oposición que levantou na altura a proposta, a emenda foi finalmente aprobada grazas à “non santa alianza” dos dous grandes partidos do Parlamento Europeo (PPE, conservadores, e PSE, socialistas), o que abriu a porta para os estados membros modificaren a súa propia lexislación. Dos 15 estados que na altura

formaban a UE, nove tomaron de inmediato medidas legislativas (o EE mediante a Lei 34/02 de 11 de Xullo⁷)

En Agosto de 2002, despois de *Statewatch* ter dado a coñecer à opinión pública o proxecto de Decisión Cadro sobre retención obrigatoria de datos deseñado polo goberno Belga, a presidencia dinamarquesa apresou-se a declarar que a proposta “non estaba encima da mesa”. E efectivamente non estaba encima, estaba debaixo aguardando o momento oportuno para ser apresentada ao Consello, con o apoio, agora, do goberno británico.

Ainda non acalara o ruído das bombas de Madrid e xa estaba o Reino Unido facendo públicos os seus planos para resucitar a proxecto (que non se limita, insistimos, aos delitos de terrorismo senon que abranxe o “crime en xeral”). Que Irlanda e Franza puxesen inmediatamente os seus nomes ao pé do de Gran Bretaña non sorprendeu ninguén, mas que Suécia decidise respaldá-la si foi unha supresa. O goberno Blair argumenta que na ATCSA xa está contemplada a retención de datos, mais isto é verdade apenas no que di respecto à seguraza nacional, non en relación a outro tipo de delitos. Daí o seu interese en contar con a base legal que lle proporciona a lexislación europea.

“Se en verdade se tratase de unha medida anti-terrorista, a proposta limitaria-se aos delitos de terrorismo. O feito de potencialmente abranxer calquer delito mostra con que cinismo os gobernos da UE explotan o clima xerado polo 11 de Setembro e agora polo 11 de Marzo.

É unha proposta tan abusiva que faria as delicias de Ashcroft, Ridge e compañía. Vai mesmo alén da súa Patriot Act.

O que precisamos é bons servizos de intelixencia que nos protexan de ameazas específicas, non este controlo universal que produz unha información excesiva, superior à que pode ser analisada con eficacia [...]. Trata-se de unha proposta desproporcionada, desnecesária e sen cabida nunha sociedade democrática”, comenta Ben Hayes, de *Statewatch*.

(Orixinal *Statewatch*, “Data retention comes to roost - telephone and internet privacy to be abolished”. Versón en galego *Esculca*)

HISTÓRIA DOS DIREITOS HUMANOS

O LONGO REINADO DO “ANTI-NATURAL”

Direitos naturais, dereitos humanos, dereitos fundamentais son expresións que se veñen sucedendo durante os últimos tres séculos para denominar un conxunto variábel de principios e prácticas que son imprescindíbeis para que un sistema político e unha sociedade podan considerar-se aceptábeis e democráticas. Isto resulta hoxe tan óbvio que parece unha parvada dicé-lo. Mesmo aqueles que conculcan gravemente eses dereitos procuran aparentar que os respeitan. E aí temos nestes días, como unha prova

⁷ Para unha análise extensa desta lei, *vide* “A defensa de datos persoais. A última barricada?”, *Esculca*, 4, pp.5-6.

máis entre mil, as actuacións e os espaventos dos gobernos de Estados Unidos e Reino Unido en Iraque.

Sen embargo, esa aparente aceptación universal –hipócrita ou sincera- dos dereitos “naturais” é algo relativamente recente na historia da humanidade. Podemos dicir que, como principio formulado por algúns intelectuais, non empeza a agromar até o século XVII e como factor sócio-político real non nace até as primeiras revolucións liberais de finais do século XVIII. E aínda hoxe, a grande maioría da humanidade segue privada total ou parcialmente deses dereitos. Non é ocioso, xa que logo, facer un breve repaso da súa traxectoria.

O iusnaturalismo e a súa negación

De entrada convén lembrarmos que este *iusnaturalismo* ten como pedra angular o principio de que todo ser humano, polo mero feito de sé-lo, é suxeito dun conxunto de dereitos. E isto implica outra idea, no seu día profundamente subversiva: se todos os seres humanos teñen os mesmos dereitos fundamentais, necesariamente todos eles son substantivamente iguais e só adxectivamente diferentes. Non coidamos necesario explicitar as derivacións profundamente revolucionarias que pode ter, nas dimensións política, social e cultural dos povos, a aplicación desa idea até as súas últimas consecuencias. E as reaccións que cabía esperar contra os intentos de aplicá-la. Nas sucesivas entregas desta serie teremos ocasión de comprobá-lo.

Agora ben, a formulación xenérica do principio iusnaturalista non avonda. Cumpre concretizar os contidos desa pretendida substancia que é igual en todos, comun a todos. Concretización que, seguindo a lóxica dese discurso, ten que vir dada pola enumeración dos dereitos que se consideran consubstanciais con a natureza. Xa veremos o tecer e destecer da nómina deses dereitos, en función dos intereses e das aspiracións dos diferentes sectores das sociedades que chamamos “modernas”.

Antes da xestación desas sociedades non existía este problema, simplemente porque a idea de tales dereitos era totalmente allea às cosmovisións dominantes na humanidade. Neste sentido tiñan razón os tradicionalistas reaccionarios cando afirmaban que o principio dos dereitos “naturais” era o máis antinatural dos principios, pois a natureza humana, tal como se manifestara realmente até o momento e desde a máis remota antigüidade, consistía xustamente na negación radical da igualdade dos seres humanos. Para estes defensores da vella orde, o “natural”, tanto nas sociedades como no conxunto do Universo, era o realmente existente desde sempre. Era, dito doutro modo, a tradición. E aquilo que viñese mudá-la drásticamente era, por conseguinte, *contra natura*.

E certamente, das sociedades máis primitivas en adiante, o principio básico que regulava as relacións entre grupos e individuos era xusto o contrario: homes e mulleres eran profundamente desiguais entre si. E desde todos os puntos de vista: étnico, de xénero, xurídico e sócio-económico. De feito, nen sequer existía universalmente o concepto de “ser humano” como denotativo da especie. Tanto era así que moitas culturas só consideraban plenamente humanos os individuos propios mais non os alleos. Por iso era lexítimo facer con estes, percebidos como “cousas”, o que se estimase conveniente en caso de chegar a posuí-los mediante conquista violenta ou transacción comercial. De aquí que Aristóteles, un dos fundadores do pensamento político europeo, que tanto

respeito nos merece noutros eidos, considerase os escravos como meros animais falantes.

A única excepción a esta regra dá-se con o aparecemento de certas relixións (cristianismo, budismo) que pretendían superar esa visión etnicista incorporando a idea dun Deus único, supra-étnico, pai común para quen todos eran igualmente fillos, con independencia da súa condición. Mais esta igualdade no plano divino non se trasladou nunca ao plano da existencia social ou das relacións inter-étnicas. Os contidos pacifistas ou igualitaristas desas relixións ficaron ao cabo en xaculatorias ocas que acompañaron cinicamente unha asunción plena por parte das igrexas das prácticas de submetimento violento dos socialmente inferiores ou de extermínio dos diferentes pola relixión ou pola etnia. O cheiro da carne queimada de bruxas ou herexes indefensos, sacrificados até o século XVIII no altar dun Cristo que supostamente predicara o amor aos inimigos avondaría para demostrar que, dos aproximadamente 5.000 anos de Historia propiamente dita, 4.800 foron o reinado do “anti-natural”.

Mais os tradicionalistas non tiñan razón nalgo decisivo: non existe **unha** natureza humana. O ser humano, con a súa capacidade case infinita de elección e evolución, é extraordinariamente heteroxéneo en cada época e muda de “natureza” continua e aceleradamente con o paso do tempo. É, neste sentido, o único animal anti-Natura. E se non que llo pregunten ao meio-ambiente. Tan humano foi Hitler como humano é Nelson Mandela. Tan humana é a pulsión de explotar, dominar, silenciar e mesmo matar como a de resistir a esas agresións e procurar a liberdade, a igualdade, a tolerancia e a solidariedade. Xa que logo, simplificando muito hai polo menos **duas** naturezas humanas, e a historia pode contemplar-se como a luta entre elas por moldear as sociedades à súa imaxe. Que prevaleza unha ou outra depende da resultante dun conxunto moi complexo de forzas que, como dixemos, durante case todo o pasado coñecido favoreceu o predomínio continuado do que hoxe consideramos “anti-humano”.

Para criar a posibilidade da emerxencia da alternativa era preciso, en primeiro lugar, mudar de raíz a concepción mesma da humanidade desexábel. E isto esixía dúas condicións: o nacemento dunha filosofía e dunha teoría política totalmente emancipadas das cosmovisións relixiosas, por seren estas o maior alicerce social dos principios a erradicar; e que xurdisen as primeiras luitas contra o poder absoluto dos monarcas en nome do dereito do pobo a decidir, cousa que non se podía defender sen asumir tamén unha certa igualdade entre individuos integrantes dese pobo. É nese contexto como dá os seus primeiros pasos o pensamento iusnaturalista do que falaremos na entrega seguinte.

NOTÍCIAS

PARLAMENTO

Meios públicos galegos

Perante o fracaso parcial das xestións realizadas con os tres grupos do Parlamento Galego, a Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia decidiu elaborar unha proposta propia de modelo de xestión dos medios de comunicación de titularidade pública de Galiza que será presentada a finais deste ano.

Antes do período vacacional do Parlamento, os representantes do CPXG mantiveron entrevistas con os tres grupos que conforman a cámara galega con o fin de solicitar a constituición en sede parlamentaria de un grupo de traballo para a elaboración de unha proposta de modelo dos medios públicos galegos. Aínda que con diferente matices, os grupos do PP e o BNG mostraron-se favorábeis à formación deste grupo de traballo, non así o PSOE que considera un erro estratéxico sério a modificación do actual modelo por canto implicaría “dar osíxeno ao Partido Popular e eximi-lo de pagar polo que leva feito con os medios de comunicación públicos en Galicia” durante todos estes anos.

“A ausencia de unha das tres formacións políticas presentes na cámara restaría moita eficacia ao traballo de un grupo destas características”, afirman os representantes do CPXG, que se comprometen a elaborar unha proposta propia. Para isto demandarán e escutarán todos os contributos que queiran facer as forzas políticas, organizacións sociais e todas aquelas institucións e organismos que pola súa natureza teñen algo que dicir sobre a función que deben cumprir os medios de comunicación públicos en Galicia para estar realmente ao servizo da sociedade por cima de calquer outro interese.

Dispositivo policial

O *Movemento polos Dereitos Civís* trasladou aos tres grupos do parlamento galego o seu malestar pola actuación dos Corpos e Forzas do Estado os días 24 e 25 de Xullo nas ruas de Santiago de Compostela.

Esta asociación considera que tanto o elevado número de axentes que patrullaron a cidade como os medios utilizados en nada contribuíu a garantir a seguranza cidadá. O mesmo podendo ser dito do comportamento dos axentes que exhibiron reiteradamente e sen necesidade algunha as súas armas, circularon en grupos de catro ou cinco parellas motorizadas por entre a multitude, agrediron e ameazaron os xovens que repartían publicidade dos concertos, impediron o día 25 o acceso ao Obradoiro às persoas que levaban bandeiras de Galicia (“con esa bandera non podeis pasar”) e submeteron a rexistos quen a levaba de *Nunca Máis*.

“O carácter desproporcionado e ostentoso do dispositivo policial e a actitude arrogante dos axentes non pode deixar de inquietar-nos”, afirman representantes do *Movemento polos Dereitos Civís*. “Non podemos evitar perguntar-nos que propósitos inspiran realmente actuacións como estas”.

“Atemorizar persoas, provocar sensación de inseguranza, facer gala da propia forza, pode impedir algunhas persoas de circular libremente pola cidade ou manifestaren publicamente as súas conviccións, mais dificilmente axudarán a evitar a comisión de delitos, grandes ou pequenos”, subliñan.

ESCOLA DE DIREITO DE VERÁN

Entre os días 9 de Xuño e 7 de Xullo, tivo lugar en Compostela un curso sobre Dereito Penal organizado por Proxecto Ollo (Observatorio en defensa das Liberdades). O programa do curso incluía temas sobre a Lei de Xuízos Rápidos, a Lei de Seguranza Cidadá, a Lei de Estranxeiría ou o Código Penal.

Entre os obxectivos do curso destaca a análise e crítica das políticas criminais na súa vertente penal, procesual e penitenciária, a análise crítica das condutas consideradas polo estado como criminais e o estudo de alternativas baseadas na mediación penal, na victimoloxía e na aplicación do principio de oportunidade no dereito penal. A análise e crítica das políticas sociais así como o estudo da lexislación penal e dos mecanismos de defensa da sociedade (impugnación de disposicións e actos administrativos que vulneren os dereitos e as liberdades, iniciativas lexislativas populares, etc.), figuran tamén como obxectivos importantes do curso desta universidade popular que aspira a converter-se nun espazo de troca de coñecimentos, análises e formación persoal.

www.causaencantada.org

CONDENA A UN MANIFESTANTE

O pasado mes de Xullo, o Xulgado do Penal nº 2 de Lugo condenou Bernardo Valdês Paços, membro da Plataforma *Nunca Mais*, a unha pena de un ano de prisión e unha multa de 360 euros (mais unha indenización de 450 euros) por un suposto delito de agresión a un axente da policía.

A sentenza ten o seu fundamento exclusivo na declaración do axente denunciante. Non existen probas que corroboren esta declaración e si existen testemuños doutras persoas que a contradin, así como algúns datos que comprometen a súa credibilidade.

Os feitos

O día 8 de Febreiro de 2003, Bernardo Valdês participa nunha concentración convocada pola Plataforma *Nunca Más* con motivo da visita a Lugo de Mariano Rajoy, na altura Vice-Presidente do Goberno Español e máximo responsable da xestión da catástrofe do Prestige.

Dous días mais tarde, o xefe do dispositivo policial establecido para garantir a seguranza do Sr. Rajoy presenta denuncia de agresión contra o manifestante acompañada de un parte médico en que se lle diagnostica “contusión leve tarso derecho en su parte externa”.

As probas mostran, no entanto, que no momento da presunta agresión (cando o ex-Vice Presidente abandona o edificio de Caixa Galicia), o axente estaba na zona da Alameda-Praza Maior, lonxe da “parte de abaixo” (Praza de Santa Maria, porta das traseiras do edificio de Caixa Galicia) onde el afirma ter sido agredido.

O carácter extremadamente leve da contusión de que foi atendido o axente dous días mais tarde, as declaracións das testemuñas (entre elas un fotógrafo de La Voz de Galicia), as imaxes captadas e emitidas por Telelugo, as significativas contradicións dos axentes e a forma como califican as persoas identificadas (“os de sempre” en expresión recollida no testemuño de un deles), a actuación do xuíz (ignorando a ausencia de calquer prova inculpatória e as declaracións exculpatórias das testemuñas da defensa) son indicios preocupantes de arbitrariedade na aplicación da lei.

Esta denuncia e esta condena, antes que perseguir e castigar o delito, parecen ter como obxectivo desalentar, mediante un castigo exemplar, a participación en accións reivindicativas. Obstaculizar o exercicio do dereito à libre expresión de ideas e à

manifestación pacífica supón vulnerar o dereito a participar nos asuntos públicos que a constitución española reconece en teoría a todas as persoas no ámbito do EE. (arts. 22, 22 e 23)

DENÚNCIA POR DETENCIÓN ILEGAL

O pasado 6 de Agosto, Maria Álvarez Rei, militante de AMI (Assembleia da Mocidade Independentista), foi conducida à Comissaria de Santiago de Compostela sen xustificación algunha despois de algúns axentes teren interceptado con o seu furgón o vehículo en que viaxava con outras tres persoas. Cominadas a saír do automóvel, “sen facer movemento algun”, e obrigadas a permanecer de cara a unha parede, foron posteriormente conducidas à comisaría.

Preguntados polos motivos da súa actuación, os axentes limitáronse a dicir que “viran un movemento estraño no coche”, afirmación que en absoluto se corresponde con o sentido dos comentários feitos posteriormente por eles mesmos (recomendando a Maria Álvarez “escoller mellor con quen andava” pois as persoas que a acompañaban eran “colaboradoras de ETA”) e a envergadura das medidas adoptadas: identificación, rexisto minucioso de automóvel, bolsas e mochilas, fotocopiado de documentos persoais, etc.

Tamén non se corresponde esta xustificación con o rexisto integral e as apalpadelas a que foi submetida Maria Álvarez, nen con as alusións à súa militanza en AMI, que os axentes afirmaban coñecer perfectamente, ou as ameazas proferidas por algun deles, que lle aconsellou “ter cuidado” pois a partir de agora “van ir por ela” e vai ser obxecto de frecuentes identificacións.

Para os axentes poderen conducir alguén à comisaría é preciso que se trate de persoas de “que razoável e fundamentadamente poda presumir-se estaren en disposición actual de cometer un delito [...] ou aquelas, igualmente non identificáveis, que teñan incorrido xa nunha infracción”, pois este tipo de medidas ten que ser considerado como unha modalidade de privación de liberdade (T.C. na sentenza nº 341/93).

Ora, cando se trata de efectuar rexistos corporais e dos efectos persoais, como aconteceu a Maria Álvarez, han de existir motivos sólidos –non escusas insubstanciais- para presumir a existencia dese suposto delito e a participación nel da persoa afectada. Motivos tan sólidos como os que se esixen para a detención xa que eses rexistos producen unha afectación do dereito à intimidade.

Nada disto aconteceu o día 6 de Agosto: Maria Álvarez non foi sorprendida cometendo un delito, nen tentando cometé-lo. Non estaba en busca por requisitoria nen rebelde. Non estaba imputada de infracción penal, nen existían na súa conduta motivos racionais que permitisen sospeitar da existencia de un delito. É mais, unha vez en comisaría ninguén a informou dos seus dereitos nen lle proporcionou asistencia letrada e a súa retención foi prolongada sen necesidade algunha durante case dúas horas.

É difícil non sospeitar que o feito de Maria Álvarez estar acompañada de tres persoas vascas e ser ela propia militante nacionalista, non teña sido a causa real de tan arbitraria actuación dos funcionarios encargados de facer cumprir a lei. Funcionarios que agora se enfrentan a unha denuncia por detención ilegal (Art.167 do Código Penal) ou,

alternativamente, catro delitos contra o exercicio dos dereitos cívicos e un delito de atentado à integridade moral, así como unha falta de ameazas.

NOVA MORTE NA LAMA

Como no seu día denunciaron perante o Xulgado de Vixilancia Penitenciaria de Pontevedra 450 persoas internas no cárcere da Lama, a situación no interior desta prisión galega, moi particularmente no que a asistencia sanitaria di respeito, non pode ser máis preocupante.⁸ Precaria situación asistencial que podería estar na orixe da morte de Roberto Gómez González, acontecida no pasado mes de Xuño.

A falta de persoal para atender as necesidades sanitarias de unha poboación reclusa que aumenta constantemente debido à chegada de internos de cárceres doutros puntos do estado, levou a dirección deste centro penitenciario a tomar algunhas medidas cuxos resultados poden agravar aínda máis a situación. Unha destas medidas consiste en reducir os días de entrega de medicación aos reclusos. Se antes esta entrega se facía a diario (p.ex. 3 pastillas), agora faise apenas dúas veces por semana (p.ex. 3 x 4= 12 pastillas). Tendo en conta que no cárcere da Lama às persoas con problemas de adición se prescreven rotineiramente tratamentos moi potentes e que os controlos sanitarios son escasos ou mesmo nulos, non é difícil ver que este sistema de entregar doses tan altas entraña moi sérios perigos de intoxicación, sobredoses ou morte por intolerancia.

Este foi o caso, segundo todos os indicios, de Roberto Gómez González, que tería morrido por inxesta de unha dose elevada de substancias a que era intolerante.

BIBLIOTECA: “A lei do mais débil”

Reunidos sob o título *Derechos y garantías. La ley del más débil*, Ed. Trotta publicou no ano 1999 cinco traballos de Luigi Ferrajoli (“Il diritto come sistema di garanzie”; “Diritti fondamentali”; “La differenza sessuale e le garanzie dell’eguaglianza”; “Dai diritti del cittadino ai diritti della persona”; “La sovranità nel mondo moderno”) onde se abordan algunhas cuestións básicas relacionadas con os dereitos fundamentais e a súa positivación nos ordenamentos xurídicos contemporáneos.

Da boa acollida que tivo este brazado de estudos dan conta as sucesivas reedicións do libro (a terceira de 2002). Boa acollida que sen dúbida se debe non só à importancia dos asuntos que aí se tratan máis tamén à forma ordenada e clara como Ferrajoli desenvolve e argumenta as súas ideas, tornando accesíbel problemas xurídicos complexos a quen non é especialista en dereito máis se preocupa por estas cuestións.

No primeiro capítulo, o autor define os factores da crise do dereito a que se asiste mesmo nos países de democracia avanzada: multiplicidade das funcións esixidas ao estado social, inflación legislativa, pluralidade das fontes normativas, a súa

⁸ Para unha información exhaustiva sobre a situación na Lama, pode consultar-se o relatório de Fran del Buey, Guillermo Presa Suárez e Fernando Blanco Arce en www.causaencantada.org (un amplo resumo deste relatório foi publicado en *Esculca* nº 5, p.12)

subordinación a imperativos sistémicos de tipo económico, tecnolóxico e político, ineficacia dos controlos e marxes amplas de irresponsabilidade dos poderes públicos. Factores que xerarian –segundo alguns estudiosos- a crecente incoerencia e falta de plenitude, e en última análise a imposibilidade de coñecimento e a ineficacia, dos sistemas xurídicos contemporáneos, o que redundaría no debilitamento da función normativa do dereito, na quebra portanto da súa función de garantía dos dereitos fundamentais.

No entanto, partindo da mesma constatación desa crise e dos factores que a propician, Ferrajoli discrepa das conclusións a que chegan estes estudiosos (a incapacidade regulativa do dereito). Segundo o seu parecer, esa lectura da crise alicerza nunha destas dúas grandes –e contrárias- falacias: a falacia naturalista ou determinista, que afirma os nosos sistemas xurídicos seren o que son porque non poderían ser de outro modo, e a falacia idealista ou normativista que confunde o dereito con a realidade, o ser con o deber ser, as normas con os feitos, os manuais de dereito con a descrición do efectivo funcionamento do dereito mesmo.

O dereito é sempre –afirma Ferrajoli- unha realidade artificial, duplamente artificial no caso do dereito contemporáneo porque afecta ás formas de produción (vixencia das normas) e aos contidos producidos (validez das normas). Realidade artificial construída pola sociedade e susceptíbel portanto de albergar contradicións (incoerencia) e lacunas (falta de plenitude) que se traducen en diverxencias entre normatividade e efectividade (entre o ser e o deber ser do dereito) que, se ben irreducíbeis para alén de certos límites, dentro destes poden reducir-se mediante as adecuadas garantías (técnicas previstas polo ordenamento para reducir a distancia estrutural entre normatividade e efectividade). Tarefa, científica e política, que debe afrontar a ciencia xurídica, criticando o dereito inválido (a súa incoerencia) para propiciar a súa anulación e propondo medidas lexislativas que permitan colmatar as lacunas (a súa falta de plenitude).

Ora, é precisamente neste carácter duplo da artificialidade do dereito contemporáneo, afirma Ferrajoli, que reside unha das maiores conquistas da nosa sociedade. Ao se dissociaren as nocións de validez e vixencia e se establecer unha nova relación entre forma e substancia das decisións, o Estado de Dereito adquire unha dimensión substancial que se traduz en dimensión substancial da propia democracia.

Esta é a améndoa en torno à cal se articulan as ideas deste interesante libro de menos de duascenas páxinas onde se nos ofrece unha definición formal do concepto de dereitos fundamentais (Todos aqueles dereitos subxectivos que corresponden universalmente a “todos” os seres humanos en tanto que dotados do *status* de persoa, de cidadáns ou persoas con capacidade de obrar) para a seguir se descrever, de diferentes perspectivas, o importante papel desempeñado pola súa consagración normativa nos ordenamentos xurídicos contemporáneos (estatais e supraestatais). Consagración que, como antes apuntamos dota de unha nova “dimensión substancial” a democracia ao establecer límites e vínculos de dereito que determinan a validez da actividade lexisladora.

Mención aparte merecen, polo interese que despertan nestes momentos as medidas lexislativas e xudiciais que se toman para remover os obstáculos que aínda empecen a total igualdade entre as persoas de diferente sexo e o aparecemento de novas fronteiras legais que separan as persoas segundo a súa cidadanía (fruto da presión migratoria que experimentan os estados europeos), os traballos “A diferenza sexual e a garantía da

igualdade” e “Dos dereitos do cidadán aos dereitos da persoa”. No primeiro ensaio, o autor advoga polo establecemento de garantías sexuadas no caso de a diferenza poder provocar desigualdade *en droits* entre homes e mulleres (cando se trata, por exemplo, de cuestións relacionadas con a maternidade) e no segundo defende con ardor a efectiva e completa universalización dos dereitos fundamentais (“a lei do mais débil”). Non nega Ferrajoli que esta perspectiva de universalización ten hoxe o sabor de utopía xurídica, mais –acentua- “a historia do dereito é tamén unha historia de utopías (mellor ou peor) convertidas en realidade”.

“Un ordenamento que rexeite a cidadanía: suprimindo-a como *status* privilexiado que conleva dereitos non recoñecidos aos non cidadáns, ou, ao contrario, instituíndo unha cidadanía universal” debería ser a aspiración máis importante –concluí o autor- de calquera teoría da democracia consecvente con a doutrina dos dereitos fundamentais.